

**REUNIÓN DA COMISIÓN 5ª, SANIDADE,  
POLÍTICA SOCIAL E EMPREGO**

Día: 08.10.2020      Hora: 10:30

A Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 8 de outubro de 2020, ás 10.30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto único.- Proposicións non de lei en Comisión

- 1.1 794 (11/PNC-000047)  
Grupo Parlamentario Popular de Galicia  
Porro Martínez, María Corina e 13 máis  
Sobre a exixencia da Xunta de Galicia ao Goberno do Estado do cumprimento, co cofinanciamento do 50%, da Lei de dependencia  
*Publicación iniciativa carácter urxencia, BOPG n.º 9, do 02.09.2020*
- 1.2 1121 (11/PNC-000092)  
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Pontón Mondelo, Ana e 18 máis  
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa evolución da pandemia da covid-19 en Galicia. (Procedemento de urxencia)  
*Publicación iniciativa carácter urxencia, BOPG n.º 11, do 04.09.2020*
- 1.3 1685 (11/PNC-000158)  
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Castro Rey, Paloma e 2 máis  
Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas deficiencias que presentan as instalacións do Centro de Saúde de Carballedo, no concello de Cerdedo-Cotobade  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 15, do 16.09.2020*
- 1.4 1945 (11/PNC-000186)  
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Torrado Quintela, Julio e Ortega Otero, Marina  
Sobre a presentación por parte da Xunta de Galicia dun informe cos resultados definitivos do estudo serolóxico autonómico en relación coa covid-19  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 19, do 22.09.2020*  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 19, do 22.09.2020*



- 1.5                    2449 (11/PNC-000253)  
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Prado Cores, María Montserrat e 2 máis  
Sobre a presentación polo Goberno galego no Parlamento de Galicia, no actual período de sesións, do plan de saúde mental anunciado polo presidente da Xunta de Galicia no debate de investidura. (Procedemento de urxencia)  
*Publicación iniciativa carácter urxencia, BOPG n.º 23, do 30.09.2020*

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 1 de outubro de 2020

María Corina Porro Martínez  
Presidenta da Comisión

**Asinado dixitalmente por:**

**María Corina Porro Martínez na data 01/10/2020 11:29:14**



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 01/10/2020 12:05:52



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL SAÍDA**  
**Data asento: 01/10/2020 12:05:54**  
**Nº Rexistro: 562**  
Data envío: 01/10/2020 12:05:54.212

CSV: REXISTROmmZn6cynU9  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



# RELACIÓN DE MEMBROS DE COMISIÓN 5ª, SANIDADE, POLÍTICA SOCIAL E EMPREGO

POR ORDE ALFABÉTICA

## Mesa

Presidenta

María Corina Porro Martínez

P

Vicepresidente

Miguel Ángel Tellado Filgueira

P

Secretaria

Iria Carreira Pazos

BNG

## Vogais

María Encarnación Amigo Díaz

P

Marina Ortega Otero

S

José Alberto Pazos Couñago

P

Noelia Pérez López

P

María Montserrat Prado Cores

BNG

Olalla Rodil Fernández

BNG

Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez

P

María Elena Suárez Sarmiento

P

Julio Torrado Quintela

S

**Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**

**Día: 08.10.2020**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

1.      Proposicións non de lei en Comisión

**Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**

**Día: 08.10.2020**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

1.1 794(11/PNC-000047)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Porro Martínez, María Corina e 13 máis

Sobre a exixencia da Xunta de Galicia ao Goberno do Estado do cumprimento, co cofinanciamento do 50%, da Lei de dependencia

*Publicación iniciativa carácter urxencia, 9, 02.09.2020*

## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, e por iniciativa das deputadas e deputados **María Corina Porro Martínez, José Manuel Rey Varela, Miguel Angel Tellado Filgueira, Marisol Díaz Mouteira, María Encarnación Amigo Díaz, Raquel Arias Rodríguez, María Elena Candia López, Marta Fernández-Tapias Núñez, Alberto Pazos Couñago, Álvaro Pérez López, Noelia Pérez López, Paula Prado del Río, Antonio Rodríguez Miranda, María Elena Suárez Sarmiento** ao abeiro do disposto nos artigos 98, 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego polo trámite de urxencia**.

### Xustificación da Urxencia:

A urxencia ven motivada pola necesidade de que o Parlamento de Galicia se posicione canto antes sobre esta cuestión

### Exposición de motivos.

O Presidente da Xunta deu a coñecer o pasado 21 de outubro de 2019 a Axenda cos 25 asuntos máis urxentes e prioritarios de Galicia que o próximo Goberno de España debía atender nos primeiros meses da seguinte lexislatura, con independencia de como se configurasen as Cortes Xerais.

Con esta Axenda Galicia o Executivo galego clarificou, transparentou e publicou as necesidades prioritarias da Comunidade para o seguinte Goberno central.



Os 25 asuntos da Axenda Galicia enmárcanse en cinco eixos: lograr un financiamento máis xusto; cumprir os compromisos adquiridos en canto ás infraestruturas pendentes; defender sectores estratéxicos para a nosa

economía, especialmente de tipo industrial; traballar conxuntamente para cumprir cos servizos públicos; e os compromisos do Goberno central para os Anos Santos de 2021, 2027 e 2032.

En relación á mellora dos servizos públicos, é necesario o cumprimento do cofinanciamento do 50% da Lei de dependencia para que a participación das comunidades autónomas e do Goberno central sexa equitativa. De feito, se o Goberno de España aportase o mesmo que Galicia, non existiría lista de agarda en dependencia.

Na actualidade, a Xunta de Galicia inviste tres veces máis que o Goberno central en prestacións de dependencia, achegando o 76% fronte ao 24% estatal.

Por todo isto, O Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a esixir do Goberno do Estado que cumpra co cofinanciamento do 50% da Lei de dependencia para que a participación da Xunta de Galicia e do Goberno central sexa equitativa.

Santiago de Compostela, 25 de agosto de 2020





**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 26/08/2020 11:40:36**  
**Nº Rexistro: 794**  
Data envío: 26/08/2020 11:40:36.571

**Asinado dixitalmente por:**

**Pedro Puy Fraga na data 26/08/2020 11:07:57**

**María Corina Porro Martínez na data 26/08/2020 11:08:28**

**José Manuel Rey Varela na data 26/08/2020 11:08:46**

**Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 26/08/2020 11:10:44**

**María Sol Díaz Mouteira na data 26/08/2020 11:11:23**

**María Encarnación Amigo Díaz na data 26/08/2020 11:11:41**

**Raquel Arias Rodríguez na data 26/08/2020 11:12:11**

**María Elena Candia López na data 26/08/2020 11:12:42**

**Marta María Fernández-Tapias Núñez na data 26/08/2020 11:13:16**

**José Alberto Pazos Couñago na data 26/08/2020 11:13:44**

**Álvaro Pérez López na data 26/08/2020 11:13:55**

**Noelia Pérez López na data 26/08/2020 11:14:17**

**Paula Prado del Río na data 26/08/2020 11:14:40**

**Antonio Rodríguez Miranda na data 26/08/2020 11:15:06**

**María Elena Suárez Sarmiento na data 26/08/2020 11:15:24**



CSV REXISTRO1WP4ZAMY2

<http://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

[gp-pp@parlamentodegalicia.gal](http://gp-pp@parlamentodegalicia.gal)



@gppgalicia



@GrupoPopularGal

**Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**

**Día: 08.10.2020**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

1.2 1121(11/PNC-000092)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana e 18 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa evolución da pandemia da covid-19 en Galicia.

(Procedemento de urxencia)

*Publicación iniciativa carácter urxencia, 11, 04.09.2020*



OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 01/09/2020 09:30:00  
**Nº Rexistro: 1121**  
Data envío: 31/08/2020 14:45:14.421

### Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados **Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Manuel Antonio Lourenzo Sobral, M<sup>a</sup> Carmen Aira Díaz, Luis Bará Torres, Iria Carreira Pazos, Daniel Castro García, Ramón Fernández Alfonzo, Alexandra Fernández Gómez, María González Albert, M<sup>a</sup> Carme González Iglesias, Rosana Pérez Fernández, Daniel Pérez López, Montserrat Prado Cores, Noa Presas Bergantiños, Mercedes Queixas Zas, Paulo Ríos Santomé, Xosé Luis Rivas Cruz e Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**, ao abeiro do disposto no artigo 98 do no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 5ª polo trámite de urxencia**, relativa as medidas a tomar para anticiparse á evolución da COVID 19.

#### Xustificación da urxencia

A urxencia vén motivada pola necesidade de tomar medidas urxentes diante da evolución da COVID 19.

#### Exposición de motivos

Segundo o informe do seguimento da COVID 19 20 de agosto realizado polo Instituto de Saúde Carlos III, xunto coa Rede de Vixilancia Epidemiolóxica o 73% das persoas contaxiadas en Galiza non teñen un contacto coñecido, subindo esta cifra ao 79.5 no do 27 de agosto. Estas son, con moito, a porcentaxe máis elevadas do Estado.

CS14-REXISTROHUFunIT15  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galicia**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 01/09/2020 09:30:00**  
**Nº Rexistro: 1121**  
Data envío: 31/08/2020 14:45:14.421

Non hai dúbida que esta porcentaxe está en relación co funcionamento dxs rastrexadorxs. En Galiza segue sendo unha incógnita, a Xunta dixo en maio que contaba cun equipo de 20 persoas, logo o propio Presidente Núñez Feixóo afirmou que contaba con 6.108. Transcendeu tamén a información da contratación coa empresa de call center, Konecta, para que realizara este traballo, e a última información é a intención da Xunta de solicitar xs rastrexadorxs do exército ofrecidos polo Goberno español.

Unha parte moi importante dos contaxios prodúcense por persoas asimptomáticas, ou antes de que desenrole síntomas, e poden estar infectadas un mínimo de dous días, e até sete, sen que ocorra.

Iso significa que que detectar xs positivos, identificalxs, illalos... é unha carreira contra o tempo. O acerto e a efectividade das decisións depende en grande medida dunha información fiábel e rigorosa.

No BNG lamentamos que en ningún momento a estratexia da Xunta pasara por reforzar a sanidade pública, en especial a Atención Primaria, que non se tivera preparado o dispositivo con anticipación, a pesares de existir a certeza de que unha nova onda de contaxios se ía producir.

Para poder actuar con anticipación existe tamén o mecanismo de monitorizar as augas residuais para realizar a análise da carga viral de Sars-CoV-2 de presente nas mesmas

Esta información facilita detectar con antelación os gromos, xa que permite anticiparse, porque determina a carga viral aínda que as persoas sexan asimptomáticas. Facilita unha información valiosa para prever, acoutar e conter os gromos de coronavirus o antes posíbel, a detección antes de que os síntomas aparezan na poboación.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 01/09/2020 09:30:00**  
**Nº Rexistro: 1121**  
Data envío: 31/08/2020 14:45:14.421

Estudos deste tipo están sendo implementados en diversos países da Unión Europea, no Estado español e en Galiza como é o caso do posto en marcha no mes de abril entre a empresa de depuración de augas da Coruña EdarBens S.A, e a Universidade da Coruña.

Polas razóns expostas, o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a:

1.- Rematar coa opacidade na comunicación da evolución da pandemia en Galiza, e polo tanto facilitar os datos con claridade e transparencia: Número de casos novos diarios, tipo de test que se están realizando e a cantas persoas, datos por concellos, acumulado histórico...

2.- Deseñar de inmediato un Plan de rastrexo e detección precoz. Co persoal necesario e suficiente dedicado en exclusiva á detección, identificación e seguimento, con equipas formadas e dotadas de protocolos claros para desenvolver este labor. Para configurar estas equipas contarase coas persoas das listas de contratación do Sergas que estean dispoñíbeis.

3.- Poñer en marcha un plan de monitoreo das augas residuais para realizar a análise da carga viral de Sars-CoV-2, que abarque o maior número posíbel de estacións depuradoras, como mínimo todas as cidades.”

Santiago de Compostela, 31 de agosto de 2020



CSV REXISTRO XERAL ENTRADA

https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/



BLOQUE NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 01/09/2020 09:30:00**  
**Nº Rexistro: 1121**  
Data envío: 31/08/2020 14:45:14.421

Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**  
**Olalla Rodil Fernández**  
**Manuel Antonio Lourenzo Sobral**  
**Mª Carmen Aira Díaz**  
**Luis Bará Torres**  
**Iria Carreira Pazos**  
**Daniel Castro García**  
**Ramón Fernández Alfonzo**  
**Alexandra Fernández Gómez**  
**María González Albert**  
**Mª Carme González Iglesias**  
**Rosana Pérez Fernández**  
**Daniel Pérez López**  
**Montserrat Prado Cores**  
**Noa Presas Bergantiños**  
**Mercedes Queixas Zas**  
**Paulo Ríos Santomé**  
**Xosé Luis Rivas Cruz**  
**Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**  
Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Ana Pontón Mondelo na data 31/08/2020 14:37:22**

CSV REXISTRO UNITES  
Validado  
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE NACIONALISTA  
GALEGO  
OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 01/09/2020 09:30:00  
**Nº Rexistro: 1121**  
Data envío: 31/08/2020 14:45:14.421

**Olalla Rodil Fernández na data 31/08/2020 14:37:35**

**Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 31/08/2020 14:37:45**

**María del Carmen Aira Díaz na data 31/08/2020 14:37:53**

**Xosé Luis Bará Torres na data 31/08/2020 14:38:05**

**Iria Carreira Pazos na data 31/08/2020 14:38:13**

**Daniel Castro García na data 31/08/2020 14:40:41**

**Ramón Fernández Alfonso na data 31/08/2020 14:42:06**

**Alexandra Fernández Gómez na data 31/08/2020 14:42:23**

**María González Albert na data 31/08/2020 14:42:39**

**María do Carme González Iglesias na data 31/08/2020 14:42:49**

**Rosana Pérez Fernández na data 31/08/2020 14:42:58**

**Daniel Pérez López na data 31/08/2020 14:43:11**

**María Montserrat Prado Cores na data 31/08/2020 14:43:20**

**Noa Presas Bergantiños na data 31/08/2020 14:43:29**



CSV REXISTRO XERAL ENTRADA  
Vinculo  
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 01/09/2020 09:30:00**  
**Nº Rexistro: 1121**  
Data envío: 31/08/2020 14:45:14.421

**Mercedes Queixas Zas na data 31/08/2020 14:43:48**

**Paulo Ríos Santomé na data 31/08/2020 14:44:04**

**Xosé Luis Rivas Cruz na data 31/08/2020 14:44:13**

**Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 31/08/2020 14:44:24**



CSV REXISTRO UNITI5

Verificado

<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

**Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**

**Día: 08.10.2020**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

1.3 1685(11/PNC-000158)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 máis

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas deficiencias que presentan as instalacións do Centro de Saúde de Carballado, no concello de Cerdedo-Cotobade

*Publicación da iniciativa, 15, 16.09.2020*



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 10/09/2020 16:30:00  
**Nº Rexistro: 1685**  
Data envío: 10/09/2020 15:59:15.931

### Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **Paloma Castro Rey, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Comisión 5.<sup>a</sup>, Sanidade, Política Social e Emprego**.

### Exposición de motivos

Hai case 10 anos, o alcalde do Partido Popular Jorge Cubela trasladou o Centro de Saúde existente en Carballedo (Cerdedo-Cotobade) sito no lugar da Igrexa, e situouno no centro multiusos e biblioteca situado no centro de Carballedo, aproveitando o baixo deste edificio.

Esta decisión foi moi controvertida dende o inicio, polo lugar escollido, o espazo.... Protestas veciñais que logo co tempo víronse acertadas, xa que houbo que emendar diferentes deficiencias: ausencia de aparcadoiro, ausencia de praza de ambulancia, amortización dunha praza de ATS, unha consulta compartida polo servizo de pediatría e a matrona e a posterior desaparición do servizo de pediatría, ademais doutros danos, moitos deles visibles que se atopan no inmovible, como a enorme greta que se encontra no chan no corredor de entrada.

A actual crise sanitaria provocada pola COVID-19 fixo que se extremasen as medidas de seguridade e de distanciamento social nos centros sanitarios. Neste contexto amósanse moito máis, as deficiencias deste centro, ata o punto de afectar aos dereitos dos e das pacientes.

Na actualidade as persoas usuarias non poden acceder a sala de espera, xa que a mesma estaba situada nun estreito corredor, non existindo sala de espera como tal.

Agora os e as pacientes esperan a súa quenda na entrada do local, sentados nun banco (so caben dúas persoas, polas medidas de distanciamento social), nos vehículos propios ou nas escaleiras do edificio, xa sexa de pé ou sentados.

Esta situación é insostible, denigrante, e atenta cos dereitos dos e das pacientes, que na maioría dos casos son persoas maiores con padecementos, polo que precisa unha solución de inmediato.

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

CSA: REXISTROTPOTur2m2  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 10/09/2020 16:30:00**  
**Nº Rexistro: 1685**  
Data envío: 10/09/2020 15:59:15.931

Por todo o exposto anteriormente, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a que busque unha solución a este problema, xa sexa mediante a habilitación dunha sala para este fin no propio edificio multiusos ou a construción dunha sala de espera en condición nas inmediacións deste inmovible para subsanar esta carencia e mellorar o servizo de saúde pública que merece a cidadanía.

Pazo do Parlamento, 10 de setembro do 2020

Asdo.: Paloma Castro Rey  
Julio Torrado Quintela  
Marina Ortega Otero  
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Gonzalo Caballero Míguez  
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Paloma Castro Rey na data 10/09/2020 15:49:43**

**Julio Torrado Quintela na data 10/09/2020 15:49:56**

**Marina Ortega Otero na data 10/09/2020 15:50:11**

**Gonzalo Caballero Míguez na data 10/09/2020 15:50:23**



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

**Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**

**Día: 08.10.2020**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

1.4 1945(11/PNC-000186)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Ortega Otero, Marina

Sobre a presentación por parte da Xunta de Galicia dun  
informe cos resultados definitivos do estudo serolóxico  
autonómico en relación coa covid-19

*Publicación da iniciativa, 19, 22.09.2020*

*Publicación da iniciativa, 19, 22.09.2020*



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 16/09/2020 09:30:00  
**Nº Rexistro: 1945**  
Data envío: 15/09/2020 18:54:09.937

## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa do seu deputado e da súa deputada **Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

### Exposición de motivos

Co motivo da irrupción da pandemia e as consecuencias graves provocadas pola COVID-19, un dos elementos de interese e relevancia para os sistemas sanitarios estaba en coñecer o impacto real do virus, máis alá das deteccións feitas en probas que, ademais, no inicio eran realizadas de maneira reactiva e non proactiva, debido ao volume e a imprevisibilidade da situación.

Froito desta cuestión o Goberno de España iniciou, a través do Instituto Carlos III, un estudo serolóxico para ter esta información que sería moi importante para a loita contra a pandemia. Despois disto, e nas portas dunhas eleccións autonómicas, a Xunta de Galicia utilizou a súa competencia sanitaria para que o entón candidato, Núñez Feijoo, anunciara un estudo propio autonómico a pesares de que o estudo estatal incluíría un volume e calidade de dato máis que suficiente para poder desagregar e ter información propia.

Para facer este estudo, que inicialmente foi anunciado con dilixencia pero logo foi formulado xa en dúas fases, utilizáronse 100 mil unidades de test que, naquel momento, poderían ser utilizadas para actividade máis ordinaria e de confronto coa pandemia. Ademais practicamente paralizouse unha boa parte do persoal de atención primaria quen, en condicións precarias de protección propia, debían facer as probas para este estudo.

Os primeiros resultados apuntaron a un desfase notorio respecto dos ofrecidos polo Goberno de España, moito máis coherentes e fiables segundo todos os datos obtidos, amosados e evidenciados no resto de España. En Galicia, a pesar diso, persistiuse na segunda fase volvendo a colapsar moito traballo en atención primaria coa dedicación de recursos materiais e humanos que non sobaban.

Esta segunda fase foi anunciada para ofrecer resultados cara finais do mes de xuño, cando dende a propia Consellería anunciouse que “nunha semana haberá resultados”, coincidentemente co Pleno dunha campaña electoral. Nunca máis se



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 16/09/2020 09:30:00**  
**Nº Rexistro: 1945**  
Data envío: 15/09/2020 18:54:09.937

soubo con fiabilidade o que aqueles resultados poderían ofrecer, a pesar de ter dilapidado recursos para elo.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a presentar un informe cos resultados definitivos do estudo serolóxico da Xunta de Galicia, con datos abertos e con plena disposición de consulta para calquera que o precise.

Pazo do Parlamento, 15 de setembro do 2020

Asdo.: Julio Torrado Quintela  
Marina Ortega Otero  
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Gonzalo Caballero Míguez  
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Julio Torrado Quintela na data 15/09/2020 18:37:59**

**Marina Ortega Otero na data 15/09/2020 18:38:20**

**Gonzalo Caballero Míguez na data 15/09/2020 18:38:29**



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

**Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**

**Día: 08.10.2020**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

1.5      2449(11/PNC-000253)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 2 máis

Sobre a presentación polo Goberno galego no Parlamento de Galicia, no actual período de sesións, do plan de saúde mental anunciado polo presidente da Xunta de Galicia no debate de investidura. (Procedemento de urxencia)

*Publicación iniciativa carácter urxencia, 23, 30.09.2020*





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 24/09/2020 13:42:30  
**Nº Rexistro: 2449**  
Data envío: 24/09/2020 13:42:30.835

### Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados **Iria Carreira Pazos, Montserrat Prado Cores e Olalla Rodil Fernández**, ao abeiro do disposto no artigo 98 no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 5ª polo trámite de urxencia**, relativa á situación do Plan de Saúde Mental anunciado polo Presidente da Xunta no debate de investidura.

### XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A urxencia vén motivada pola preocupación existente diante da desplanificación da atención á saúde mental.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A situación da saúde mental en Galiza, podemos cualificala como mínimo de parálise, non ten actuado, non ten atendido as necesidades, non planificou e non adicou o orzamento preciso. Foi unha das grandes esquecidas nos 11 anos de Goberno do Partido Popular na Xunta de Galiza, algo incomprensíbel dado o enorme número de persoas con necesidade de atención e as demoras. Non ten actuado a pesares dos indicadores que mostran un medre progresivo, grave empeoramento da mesma na poboación, coas consecuencias de sufrimento humano, de perda de vidas e dos custes sociais, laborais e sanitarios,

CSM-REXISTRO70UJSznj9  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/ramilas/csv/>





BLOQUE NACIONALISTA  
GALEGO  
OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 24/09/2020 13:42:30**  
**Nº Rexistro: 2449**  
Data envío: 24/09/2020 13:42:30.835

Durante o debate de investidura, o candidato á Presidencia da Xunta afirmou que “nesta lexislatura imos desenvolver o maior Plan de Saúde Mental da nosa historia. Crearemos novas unidades (por exemplo no ámbito da atención infantil e xuvenil) e o Servizo Galego de Saúde xa ten prevista a contratación de 240 profesionais para poder prestar unha mellor atención ás persoas con problemas de saúde mental”.

Diante desta afirmación, o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 5ª:

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a que presente no Parlamento galego no actual período de sesións o Plan de Saúde Mental anunciado polo Presidente da Xunta e que no mesmo se contemple a dotación orzamentaria, persoal, cronograma de aplicación e avaliación, para poñer fin á desplanificación e dano á saúde e aos recursos sanitarios e sociais realizados nos últimos once anos.”

Santiago de Compostela, 24 de setembro de 2020

Asdo.: **Iria Carreira Pazos**

**Montserrat Prado Cores**

Deputadas do G.P. do BNG

**Olalla Rodil Fernández**

Viceportavoz do G.P. do BNG



CSV REXISTRO7070JISdnj9

Verificado  
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 24/09/2020 13:42:30**  
**Nº Rexistro: 2449**  
Data envío: 24/09/2020 13:42:30.835

**Asinado dixitalmente por:**

**Olalla Rodil Fernández na data 24/09/2020 13:32:32**

**Iria Carreira Pazos na data 24/09/2020 13:32:37**

**María Montserrat Prado Cores na data 24/09/2020 13:32:47**



CSV REXISTRO7070JISdmj9

Verificado

<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>